


# NOVAS MEDIDAS DE RESTRICIÓN COVID-19

Aplicábeis desde o domingo 09/05/2021



## HORA DE RECOLLIDA NOCTURNA

### Amplíase o sábado 8, elimínase o domingo 9

A partir do domingo 9 de maio deixará de aplicarse a hora de recollida nocturna. Como medida transitoria, o sábado 8 de maio extenderase até as 23.59h.



## PECHE PERIMETRAL

### Deixa de ter efecto

Desde a medianoite do domingo elimínase o peche perimetral, e calquera persoa poderá entrar e saír de Galicia sen xustificación.



## HOSTALARÍA

### Cafetarías até as 23.00h, restaurantes até a 01.00h con limitacións

A hostalaría pode abrir cun aforo do 50% no interior e do 75% no exterior.



## RESIDENCIAS

### Maior apertura nas visitas

Até cinco visitas semanais por residente (máximo 4 horas / visita), sempre de un en un e con cita previa. Sen límite de achegados. Estadías na casa de mínimo 5 días con PCR ou test de antíxenos negativo ao regreso.



## REUNIÓNS DE NON CONVIVINTES

### Limitadas a 4 e 6 persoas

Mantéñense as limitacións nas reunións de persoas non convivintes: catro persoas en interiores e seis en exteriores. Non se permiten reunións de non convivintes entre as 01.00 e as 06.00h.